



Calendario relixioso

Domingos de Pascua de Resurrección	
2020	12 de abril
2021	04 de abril
2022	17 de abril
2023	09 de abril
2024	31 de marzo
2025	20 de abril
2026	05 de abril
2027	28 de marzo
2028	16 de abril
2029	1 de abril

Despois de coñecer a data da Pascua por este cadro, dedúcense as demais datas móbiles mediante a subtracción ou a adición á data da Pascua dos seguintes días:

- **Mércores de Cinza:** restando 46 días
- **Pentecoste:** sumando 49 días
- **Corpus Christi:** sumando 60 días

Algunhas das datas das celebracións poden sufrir cambios, polo que convén que se confirmen.

Edita:

Turismo de Galicia
Estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
981 900 643
www.turismo.gal
012@xunta.gal

Fotografías cedidas polos concellos de: Santiago de Compostela, Catoira (Iñaki Abella Diéguez), Ortigueira (Toni Rego), Pontearreas (M.A. Hernández, Jose Manuel Peixoto Pino), Viveiro (José Miguel Soto López, Germán Paleo, Miguel Sanmartín), Ferrol (Andrés Fernández Blanco), A Coruña (Xosé Durán), Baiona, Cambados (Raúl Lorenzo), Xinzo de Limia, Fundación Festa da Isteria (Rholden), Lugo (Xurxo Lobato), Verín, Lalín (Bernabé), O Carballiño, O Grove, Burela. Outras fotografías: Adolfo Enríquez, Iñaki Osorio, Manuel Castro, Fundación Rodríguez Iglesias e arquivo de Turismo de Galicia

Índice

(A orde das festas é seguindo a data de declaración no BOE)

Calendario relixioso	2
Introdución	4
Festas de Interese turístico Internacional	5-17
5	Mapa
6	Festividade do Apóstolo Santiago
7	Romaría Viquinga de Catoira
8	Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira
9	A Rapa das Bestas de Sabucedo (A Estrada)
10	Corpus Christi (Pontearreas)
11	Semana Santa de Viveiro
12	Semana Santa de Ferrol
13	Fogueiras de San Xoán (A Coruña)
14	Festa da Arribada da Carabela Pinta (Baiona)
15	Festa do Viño Albariño (Cambados)
16	Entroido de Xinzo de Limia
17	Festa do Cocido (Lalín)
Festas de Interese turístico Nacional	19-30
19	Mapa
20	Romaría de Nosa Señora da Barca (Muxía)
21	Festa “da Istoría” en Ribadavia
22	Festas de San Froilán (Lugo)
23	Festas Patronais na honra de San Roque (Vilagarcía de Arousa)
24	Entroido de Verín
25	Festa do Polbo (O Carballiño)
26	Festa de Exaltación do Marisco (O Grove)
27	Festa da Lamprea (Arbo)
28	Arde Lucus (Lugo)
29	Feira do Bonito de Burela
30	Festa da Reconquista de Vigo
Festas Galegas de Interese turístico	31-36
31	Mapa
32	A Coruña
34	Lugo
36	Ourense
36	Pontevedra

GALICIA É UNHA TERRA AMANTE DAS FESTAS, que mestura tradicións pagás e relixiosas nunha combinación perfecta. É difícil atopar unha soa fin de semana do período estival no que non haxa celebracións nalgunha das súas aldeas, vilas ou cidades, varias delas recoñecidas polo seu interese turístico internacional, nacional ou galego.

Nesta publicación atoparás un percorrido polas festas máis destacadas, de xeito que poidas escoller segundo as túas preferencias. Se che coincide visitar Galicia durante agosto, practicamente tes asegurado poder vivir algún festexo en calquera recuncho da súa xeografía, xa que neste mes hai programadas ao redor duns 900.

Baixo a mestura de crenzas de diversa procedencia celébranse múltiples romarías por toda Galicia. En moitas delas pódense contemplar curiosos ritos relacionados coas supostas bondades curativas dalgunhas imaxes, fontes ou pedras que se atopan en santuarios coma os de Santo André de Teixido ou Nosa Señora da Barca. En moitas destas celebracións pódense degustar roscas típicas, empanadas ou queixos, que prestan moito máis nunha comida campestre, amenizada pola música de gaitas e pandeiretas.

A gastronomía é inseparable da tradición festeira galega. Case cada poboación galega posúe un produto ao que se homenaxea cociñando diversos pratos que se ofertan ao multitudinario público a prezos populares.


Nos últimos anos volvéronse moi concorridas as recreacións históricas nos cascos vellos das cidades e vilas, nas que os participantes viaxan ao pasado, na maioría medieval, ataviados con roupaxes de época. Mentres, as rúas atéiganse de postos de artesanía e produtos gastronómicos da zona. Paralelamente, nas cidades é frecuente que durante as festas patronais se programen festivais de música ou teatro que completan unha diversa oferta cultural.

O Entroido é unha das festas con máis tradición en Galicia. Se ben é celebrado por todo o territorio, algunhas localidades destacan por manter rituais ancestrais coas súas personaxes tradicionais: pantallas, peliqueiros, cigarróns...

Moitas celebracións teñen orixe relixiosa e fanse na honra dalgún santo ou patrón. Paga a pena achegarse a unha aldea para contemplar as procesións nas que os veciños recorren o adro da igrexa ata o cruceiro. Despois de saír da misa, a xente acode ao campo da festa no que algunha orquestra amenizará o aperitivo. En cada casa agardan succulentos manxares que fan que a sobremesa se prolongue durante horas. Á noite non faltas á verbena, onde poderás bailar ata ben entrada a madrugada.



Festas de interese Turístico Internacional



- | | | | |
|---|---|----|--|
| 1 | Festividade do Apóstolo Santiago | 7 | Semana Santa de Ferrol |
| 2 | Romaría Viquinga de Catoira | 8 | Fogueiras de San Xoán (A Coruña) |
| 3 | Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira | 9 | Festa da Arribada da Carabela Pinta (Baiona) |
| 4 | A Rapa das Bestas de Sabucedo (A Estrada) | 10 | Festa do Viño Albariño (Cambados) |
| 5 | Corpus Christi (Ponteareas) | 11 | Entroido de Xinzo de Limia |
| 6 | Semana Santa de Viveiro | 12 | Festa do Cocido (Lalín) |

1 Festividade do Apóstolo Santiago

Santiago de Compostela (A Coruña)

DATA

Xullo. Última quincena

DESTACADO

Paga a pena coller sitio na praza do Obradoiro para contemplar os fogos do Apóstolo, a noite do día 24

A capital galega celebra as súas maiores festas na segunda quincena de xullo, cun programa que combina festivais de folclore galego ou de música clásica (Festival Internacional de Música de Galicia) con cine ao ar libre, concertos de gran formato, pequenos concertos, orquestras, teatro de rúa, teatro de sala, animación na rúa, programación infantil, charangas, humor, danza...

En medio de tan amplo programa, sobresaie o espectáculo pirotécnico fronte á catedral de Santiago, que se celebra na noite do 24 de xullo, para dar paso á celebración do Día do Apóstolo, tamén Día de Galicia. A praza do Obradoiro é tomada por máis de 20.000 persoas para contemplar un impresionante espectáculo audiovisual a base de proxeccións de luces e de imaxes sobre a fachada da Catedral, e ata hai uns anos a queima do gran castelo de pirotecnia diante da súa fachada gótica. O espectáculo é seguido desde distintos miradoiros da cidade por milleiros de persoas.

Ao día seguinte, na misa solemne na catedral, pódese ver o xigantesco botafumeiro en funcionamento. O Rei ou un delegado da Casa Real fan nela a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago. Ademais, teñen lugar diversos actos de celebración do Día de Galicia, polo que a capital galega *rebenta* de visitantes.



2 Romaría Viquinga de Catoira

Catoira (Pontevedra)

DATA

Agosto. Primeiro Domingo

DESTACADO

Representación do desembarco dos piratas viquingos

Desde 1961, Catoira celebra unha festa pagá que recorda o papel da localidade como gardiá do tesouro da Catedral de Santiago, ao ser punto estratéxico na defensa contra as invasións viquingas. As Torres de Oeste (ruínas de dúas das sete orixinarias torres dunha fortaleza que durante os séculos IX e X fixo fronte a varias incursións de piratas normandos) é o escenario natural e histórico onde se recrea unha invasión viquinga daquela época.

Decenas de mozos da localidade chegan á desembocadura do río Ulla a bordo dun *drakkar* noruegués, o “Úrsula”, con gran barullo e facendo soar os seus cornos. Armados ata os dentes con machados e lanzas, parapetados en escudos, vestidos con peles e cascos, e bañados en viño tinto, os bárbaros desembarcan provocando o pánico entre a poboación, entre gritos de euforia e tragos de viño. Ao rematar o asalto, ten lugar a tradicional comida campestre, nun ambiente festivo, dominado polo mercado medieval, con postos de artesanía e de produtos gastronómicos de Galicia. A festa esténdese logo ata a verbena da Alameda, no núcleo urbano.



3 Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira

Ortigueira (A Coruña)

DATA

Xullo. Terceira fin de semana


DESTACADO

Desfile de bandas de gaitas de todos os países célticos, o domingo pola mañá

Milleiros de persoas fan noite a carón da praia de Morouzos de Ortigueira, nunha ampla área de acampada libre baixo os piñeiros, co motivo do Festival Intercéltico do Mundo Celta, que desde 1978 é o referente musical do verán en Galicia e unha cita ineludible para os amantes da música folk en todo o mundo. A localidade vive durante catro días e catro noites baixo o feitizo da música de grupos e intérpretes con raíces culturais compartidas. Bandas históricas de música celta, así como unha boa representación de creadores galegos, comparten cartel con grupos emerxentes ou non consolidados que buscan facerse un sitio no panorama folk da Península Ibérica.

A zona marítima de Ortigueira é un ir e vir de mozos e mozas, entre a zona de acampada –dotada de todo tipo de servizos e de cuxo mantemento e limpeza se ocupa o Concello– e os escenarios do festival. Ademais, hai transporte urbano gratuito desde as áreas de estacionamento ata os campamentos.

A programación musical complétase con outras propostas culturais, desde exposicións e representacións teatrais e de monicreques ata unha feira de artesanía no paseo marítimo, ademais do tradicional desfile de bandas de gaitas procedentes de todos os territorios celtas, desde Escocia ata Galicia e Asturias, pasando por Irlanda, a Illa de Man, Cornualles, Gales e Bretaña.



Sabucedo - A Estrada (Pontevedra)

DATA

Xullo. Primeira fin de semana

DESTACADO

Saída ao monte cos veciños da parroquia,
o sábado, para reunir os cabalos

Entre todos os curros ou rapas das bestas que teñen lugar en Galicia durante o verán, o de Sabucedo destaca por conservar a pureza da tradición. Este é o único curro no que os aloitadores se enfrontan cos cabalos de igual a igual, sen cordas nin paus, para inmovilizalos e raparlles as crinas. Mozos e mozas da parroquia iníciase cada ano nunha tradición centenaria que levan no sangue, un xeito de entender a vida en comunión cos cabalos. Un código de accións que aprenden desde nenos, baseado na acción e colaboración de tres aloitadores, é a forma en que establecen a nobre e perigosa loita coas bestas para conseguir vencelas.

A rapa de Sabucedo fíxose sempre nun recinto de pedra (o curro) no centro da aldea. Desde hai uns anos, desprazouse ao curro novo, feito de cachotaría, onde é seguida por un multitudinario público. A sona da rapa de Sabucedo, unha tradición ancestral, cun forte compoñente ritual, recibiu a atención de antropólogos e estudosos de todo o mundo. Celébrase baixo a protección de San Lourenzo –parte dos cabalos salvaxes pertencen ao santo, é dicir, á parroquia, e son estes os que se rapan na festa–, a quen se encomenda o pobo na misa do amencer do sábado. Veciños e visitantes saen despois ao monte, con provisións para repoñer forzas, a buscar os cabalos e conducilos cara ao curro, nunha singular experiencia turístico-etnográfica.



Pontearreas (Pontevedra)

DATA:

Maio / Xuño. Fin de semana seguinte ao día de Corpus

DESTACADO

Traballos de confección das alfombras na noite da véspera, nos que participan centos de voluntariosos veciños



As rúas céntricas de Pontearreas amañecen o domingo de Corpus tapizadas de espectaculares alfombras florais sobre as que pasará a procesión do Santísimo Sacramento. A tradición, que ten máis de 150 anos de antigüidade, perdura grazas ao tesón dos veciños, que durante a véspera traballan na súa confección. Aínda que tamén son figurativos, a maioría dos deseños son debuxos xeométricos e, en todos os casos, sorprenden pola súa magnitude e o seu colorido. O significado das alfombras, que adoitan ser máis dunha ducia, é profundamente relixioso, xa que se realizan como ofrendas ao Santísimo.

Moitos son os visitantes que se achegan pola noite para asistir á súa confección, na que se emprega unha ampla variedade de plantas, entre elas a hortensia, o mirto, a mimosa, o fiúncho, a rosa... O traballo é unha auténtica manifestación de voluntariedade popular na que participan nenos e maiores, cada un cunha misión, e todos co propósito de rematar antes das nove da mañá do domingo.

Durante a solemne procesión, a Custodia, coas autoridades municipais á cabeza, mulleres ataviadas con mantilla branca, banda de música, nenos e nenas de Primeira Comunión..., deterase en varios altares e será bañada por unha chuva de pétalos lanzados desde os balcóns, nun dispendio de colorido ao que o público asiste emocionado desde as beirarrúas. Ao remate da mesma, a beleza e o valor artístico das alfombras esvaécese, e só queda a súa testemuña nas fotografías que toman compulsivamente milleiros de espectadores.



Viveiro (Lugo)

DATA

Marzo / Abril. Semana Santa


DESTACADO

Procesión do Encontro, na Praza Maior e Adro de Santa María, unha emocionante representación das caídas de Cristo, coa cruz ás costas, e a Virxe, a Verónica e San Xoán buscándoo



Numerosos pasos, algúns deles articulados e de grande interese artístico, protagonizan as solemnes procesións de Semana Santa de Viveiro, nas que confrarías e irmandades enchen de relixiosidade e ambiente íntimo as rúas da localidade. Eucaristías, *vía crucis*, *tamborradás*... preceden aos días grandes. Os actos máis rechamantes comezan o Xoves Santo, coa procesión da Última Cea –o paso da Cea foi creado en 1808 por un artesán que tomou a mariñeiros do veciño porto de San Cibrao como modelos para as figuras dos Apóstolos– e do Prendemento, organizada pola Irmandade do Prendemento, moi rechamante polas súas túnicas e caparuchos de cores vermella e branca. O Venres Santo pola mañá ten lugar a procesión do Encontro, outra emocionante cerimonia na que participan, xunto ao Cristo que cae, as tallas da Dolorosa, San Xoán e a Verónica, e que é seguida pola multitude desde os balcóns e as rúas con crecente interese. Pola tarde, tras o Desencravo celébrase a procesión do Santo Enterro, a máis luxosa de todas, cos levadores ataviados con negra roupa talar de longa cola e un gran caparucho con anteface.

A Procesión da Paixón ten lugar na media noite do Venres Santo. Nela participan cos seus respectivos pasos varias confrarías e irmandades, entre elas a das Sete Palabras e a de Mulleres da Santa Cruz, ataviadas coa súa clásica mantilla. Na media noite, sae ás rúas a procesión da Soedade ou dos Caladiños, cos pasos da Verónica, San Xoán e a Virxe da Soedade, acompañados por unha multitude de fieis con candeas acesas no máis impresionante recollemento.



DATA

Marzo / Abril. Semana Santa

DESTACADO

Procesión dos Caladiños,
o Venres Santo pola noite

Desde o Domingo de Ramos ata o de Resurrección, sucédense sen parar as procesións que rememoran a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús. As rúas de Ferrol éñchense de fervor relixioso e bulicio, en torno aos pasos das súas cinco confrarías, herdeiras dunha tradición secular e dun espírito de fondo calado popular que resiste aos cambios sociais e xeracionais. Vistasas, multitudinarias, emotivas e solemnes, destacan entre todas elas as do Venres Santo: pola mañá, o Santo Encontro, na praza de Armas, ante a Casa do Concello; pola tarde, a do Santo Entero, de marcado carácter litúrxico, na que se leva a Santa Urna, toda unha reliquia da Semana Santa ferrolá e, pola noite, a estremeecedora procesión dos Caladiños, que percorre as rúas do casco histórico da Magdalena, cos pasos das Tres Marías, San Xoán e a Virxe das Dolores, e retírase de madrugada, tras o tradicional canto da Salve.

O Xoves Santo ten lugar a procesión do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade, a máis longa e numerosa de todas, na que participan 1.800 confrades, sete pasos e nove bandas de música e que remata co emotivo canto dos militares da Brilat



DATA

23-24 de xuño

DESTACADO

As fogueiras nas praias de Riazor e do Orzán

Se hai un lugar no que a Noite de San Xoán se vive entusiastamente ese é A Coruña, onde a noite máis curta do ano vai precedida de toda unha semana de actos e preparativos. Desde a mañá anúnciase a festa con desfile de bandas e carrozas de meigas para que a queima da fogueira volva ser un momento máxico e inigualable no calendario anual. O olor das sardiñas asadas e do lume invade a cidade na noite do 23 de xuño debido as fogueiras que se alzan en numerosos puntos. Moita xente participa neste culto ancestral ao lume co que se celebra a entrada do verán e cumpre co rito de pedir desexos saltando sobre as chamas. Pero a fogueira máis concorrida é a que se alza na praia de Riazor, coa figura dunha bruxa de cartón pedra, arredor da que se satirizan sucesos da vida política e social vividos ao longo do ano, antes de lle prender lume. Ata aquí chegan en cabalgata a Meiga Maior, a Meiga Maior Infantil e as súas respectivas meigas de honra, que son as encargadas de acender a fogueira, nun espectáculo que ateaiga as praias de Riazor e do Orzán, sementadas á súa vez de pequenas fogueiras de mozos e mozas espontáneos, mentres algunhas persoas cumpren co rito purificador do baño das nove ondas. Nunha noite como esta, enchida de elementos rituais, a festa prolóngase ao ar libre ou polos locais do Paseo Marítimo ata a mañanciña.



9 Festa da Arribada da Carabela Pinta

Baiona (Pontevedra)

DATA

Marzo. Primeira fin de semana

DESTACADO

Dramatización na praia do desembarco da tripulación de Pinzón e a notificación do descubrimento dun novo mundo

A vila de Baiona foi o primeiro lugar do Vello Continente en coñecer a existencia dun novo mundo. En 1493 desembarcou nela Martín Pinzón, ao mando da carabela Pinta, coa noticia da existencia doutro mundo e as probas que o corroboraban. En recordo daquel feito histórico, todos os anos ten lugar na praia unha dramatización que comeza co desembarco de Pinzón e a súa maltreita tripulación, cun par de indíxenas traídos das novas terras e produtos alimenticios descoñecidos ata entón nestas latitudes que darían credibilidade ás fabulosas novas do acompañante de Colón naquela xesta.

Baiona enteira vístese ao estilo medieval. A zona portuaria e as rúas do casco antigo convértese nun gran mercado ao ar libre, con postos de viandas e de produtos artesanais, e a única música que se escoita é medieval e en vivo. Polas rúas pasean nobres, cabaleiros, mercadores, artesáns, campesiños e criadas, nunha auténtica e unificada recreación do ambiente do pasado, cos toldos de lona de cor granate, e os postos respectuosos coa estética medieval, tanto nos seus materiais como no seu deseño. Nas prazas, algúns artesáns fan demostracións ao vivo do seu oficio; os trovadores recitan romances e cantigas; cabaleiros e escudeiros fan demostracións de cetraría; cómicos e malabaristas representan os seus espectáculos... Non falta tampouco a escenificación, na praia, dunha loita de cabaleiros polo amor dunha princesa, que pon o broche de ouro a unha das mellores festas históricas que se celebran en Galicia.



10 Festa do Viño Albariño

Cambados (Pontevedra)

DATA

Agosto. Primeiro Domingo

DESTACADO

Percorrido pola Calzada, tomando viños nos expositores dos adegueiros

Sen dúbida, unha das citas máis importantes do calendario festivo de Galicia é a Festa do Albariño de Cambados, que recibe en cinco días arredor de 150.000 persoas. Na rúa da Calzada instálanse as casetas onde se pode degustar o viño e mercar directamente aos adegueiros, e tamén postos de comida. No ambiente festivo teñen especial relevancia as *peñas*, grupos de cambadeses que participan na organización da festa e que, ataviados con camisetas identificativas e o seu vaso, sempre disposto para outro viño, animan coa súa troula as rúas e os bares. Xunto cos espectáculos musicais e pirotécnicos, exposicións e competicións deportivas, a festa é aproveitada para difundir e promover aspectos sobre a cultura do viño e a produción do albariño, en distintos cursos, xornadas técnicas e obradoiros. Outra cara da festa é o solemne acto de nomeamento das Donas e Cabaleiros de Honra do Capítulo Serenísimos do Albariño, que ten lugar o domingo da festa na Praza do Pazo de Fefiñáns; e o ditame do certame de cata, no que se premian os tres mellores albariños. E xunto coa rúa da Calzada e a Praza de Fefiñáns, que acolle bos concertos de música, outros dos puntos neuráxicos da festa son o Parque da Alameda, onde se concentran as *peñas* a comer e a beber, e a Praza do Concello, onde ten lugar a verbena.



11 Entroido de Xinzo de Limia

Xinzo de Limia (Ourense)

DATA

Febreiro / Marzo. Entroido

DESTACADO

Desfile de carrozas, o Martes de Entroido

As “pantallas” son as estrelas deste Entroido. Estas personaxes ancestrais percorren a vila golpeando dúas vexigas de animais, secas e inchadas como globos, impondo a súa lei.

O de Xinzo de Limia é, ademais, o ciclo de carnaval máis longo de toda España, xa que comeza o Domingo Fareleiro (tres antes do Domingo de Entroido) e remata co Domingo de Piñata. Aínda que o Domingo de Entroido a localidade é un fervedoiro de xente de todos os lugares de Galicia, o día grande é o Martes de Entroido, cando ten lugar o desfile de carrozas e comparsas, encabezado por un gran grupo de “pantallas”.

Prazas, bares e tascas da localidade convértense durante estes días nunha continua troula, protagonizada pola xuventude, entre música de charangas e verbenas e pantagruélicos xantares.



Lalín (Pontevedra)

DATA

Febreiro / Marzo. Domingo anterior
ao Entroido

DESTACADO

Desfile de carrozas e de comparsas



A capital da comarca gandeira do Deza presume de boas carnes en xeral, mais fixo do porco un símbolo de identidade. De feito, unha escultura en bronce recorda nunha rúa céntrica o significado do porco para Lalín e a súa importancia na proxección da súa imaxe no exterior. A Festa do Cocido, que se celebra desde hai máis de corenta anos, dignificou a carne de porco, básica na dieta tradicional galega, ata converter o cocido (lacón, orella, costela, chourizos, e cantas partes do porco se desexen..., acompañado de cachelos, grelos ou repolo) nun cobizado manxar e no prato de referencia do inverno galego.


A festa creceu de tal xeito que o domingo anterior ao de Entroido supón a culminación dun programa cultural e gastronómico que se celebra durante un mes e que, entre outros eventos, inclúe a Gala de Gastronomía de Galicia ou o Premio de Periodismo Álvaro Cunqueiro. Así, o día grande da Feira do Cocido, Lalín é un ferveiro de xente procedente de toda Galicia, que transita polo Campo Vello da feira, entre postos de degustación e de venda de todo tipo de produtos autóctonos, e abarrota os bares e restaurantes.

O Auditorio Municipal acolle a celebración do Capítulo Xeral da Encomenda do Cocido, coa investidura de novos membros, e pouco despois do mediodía ten lugar, como un preludio do Entroido, un tradicional, multitudinario e colorista desfile de carrozas, comparsas e charangas chegadas de distintos puntos de Galicia.





Festas de interese Turístico Nacional



- 1 Romaría de Nosa Señora da Barca (Muxía)
- 2 Festa "da Istoría" en Ribadavia
- 3 Festas de San Froilán (Lugo)
- 4 Festas Patronais na honra de San Roque (Vilagarcía de Arousa)
- 5 Entroido de Verín
- 6 Festa do Polbo (O Carballiño)
- 7 Festa de Exaltación do Marisco (O Grove)
- 8 Festa da Lamprea (Arbo)
- 9 Arde Lucus (Lugo)
- 10 Feira do Bonito de Burela
- 11 Festa da Reconquista de Vigo

1 Romaría de Nosa Señora da Barca

Muxía (A Coruña)

DATA

Setembro. Fin de semana seguinte ao 08

DESTACADO

Dramatización na praia do desembarco da tripulación de Pinzón e a notificación do descubrimento dun novo mundo

O santuario da Virxe de Nosa Señora da Barca é un dos lugares de peregrinación máis antigos de Galicia. Conta a lenda que a Virxe chegou aquí para dar ánimos ao Apóstolo Santiago no seu labor evangelizador, nunha barca de pedra, cuxos restos se atopan entre as grandes moles graníticas que baña o mar xunto ao santuario. Unha delas é a Pedra dos Cadrís, que simboliza a barca, por debaixo da cal pasan nove veces os romeiros nun ritual ancestral para curar os males reumáticos; outra, a que simboliza a vela, é a Pedra de Abalar, unha mole que se balancea baixo os pés cun pouco de paciencia, aínda que a lenda di que só poden facela oscilar as persoas libres de pecado, e, a terceira, a Pedra do Temón, que simboliza o temón da barca. A todas elas atribúenselles propiedades curativas.

A romaría de Nosa Señora da Barca é unha das máis concorridas de Galicia e, como é habitual nelas, é un compendio de relixiosidade, ritos pagáns, comida campestre e troula. Desde o sábado, o camiño que leva ao santuario é unha continua procesión de xente –moitas persoas chegan andando desde as súas localidades de orixe– e vanse colocando os postos da festa. Entre música de gaitas e pandeiretas, os romeiros gozan da súa comida campestre. A troula segue pola noite na localidade, e o domingo pola mañá os devotos acoden á misa ao ar libre no exterior do santuario e á procesión ata a vila onde teñen lugar a bendición das augas e unha enxordecedora traca de foguetes e morteiros.



2 Festa “da Istoria” en Ribadavia

Ribadavia (Ourense)

DATA

Agosto. Último sábado

DESTACADO

A representación da “voda xudía”

Na xudería de Ribadavia desenvólvese unha das festas medievais máis auténticas de todas as que teñen lugar en Galicia. Desde toda a xeografía galega chegan neste día autobuses e automóviles particulares para participar dunha xornada de inmersión na historia, concretamente na época de esplendor do pasado da capital do Ribeiro, arredor do ano 1600, cando a comercialización do viño no estranxeiro acadou elevadísimas cotas e a comarca do Ribeiro se converteu nun dos territorios máis prósperos de España.

A xornada comeza o sábado pola mañá coa lectura do bando da Istoria polas rúas e prazas da vila. O barrio xudeu, engalanado ao estilo medieval, acolle postos de produtos gastronómicos, con bancos e mesas para poder comer, e de produtos artesanais, nos que é imprescindible pagar con marabedís (previo cambio de moeda nunha oficina instalada no Concello). O mellor xeito de gozar da festa é ir ataviado ao estilo medieval, non importa o personaxe nin o seu rango social, e para lle facilitar o labor aos asistentes, a organización da festa dispón de miles de traxes para alugar. Así, poderase participar no desfile da Istoria, aberto a calquera que vaia vestido de época, ou na cea medieval, no recinto do castelo dos Sarmiento, na que nobres e viláns dan conta dos produtos máis típicos da gastronomía galega acompañados dos bos viños do Ribeiro.

A xornada está amenizada por un intenso programa de actividades, desde xogos para nenos e xadrez infantil vivente, ata loita de cabaleiros, bailes de donas sen cabaleiros, voda xudía, demostracións de cetrería, tiro con arco... todo na máis pura escenografía medieval.



3

Festas de San Froilán

Lugo

DATA

Outubro. Primeira quincena (4 a 12)

DESTACADO

Degustación do polbo á feira

Galicia, en torno ás que son consideradas as festas do outono galego por excelencia. No campo da feira, as casetas do polbo son o maior reclamo das festas. As numerosas atraccións para nenos e o mercado completan un cadro festivo que acrecenta o seu interese ano tras ano e rexistra unha afluencia de centos de miles de visitantes.

As prazas da zona antiga da cidade échense de actividades, con especial atención ás dirixidas ao público infantil, que teñen o seu “San Froilanciño”, e polas noites, acollen concertos gratuítos cos mellores intérpretes do panorama español. Un dos días grandes é o segundo domingo das festas, bautizado “O Domingo das Mozas” e dedicado á exaltación do traxe tradicional e o folclore galego.

Desfiles de cabezudos, charangas, mercados e espectáculos de maxia e malabares sucédense estes días festivos, que rematan cunha feira medieval na praza da Catedral e os arredores da muralla romana, e un grande espectáculo de fogos de artificio.

Unha peculiaridade das festas patronais de San Froilán, que se celebran desde 1754, é o grande atractivo que teñen para todo o resto de Galicia. De feito, nas dúas fines de semana que abrangue, Lugo convértese no epicentro da vida social de



4 Festas Patronais na honra de San Roque

Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

DATA

16 de Agosto

DESTACADO

Baño multitudinario, entre música de charangas, na Festa da Auga



O día máis esperado das festas de Vilagarcía de Arousa é o 16, festividade de San Roque, data na que conflúen dous dos máis soados actos: a procesión do santo, de tradición secular, e a Festa da Auga, nacida nos anos 80 de forma espontánea e xa con recoñecemento institucional. Deste xeito, a programación do día comeza coa misa solemne e a multitudinaria procesión do Santo, que, lonxe do recollemento que adoita caracterizar estes actos, aquí ten unha compoñente moi festiva, pois o percorrido se fai baixo as notas do pasodobre “Triunfo” e ata se fai bailar ao santo.

A localidade está preparada para o que vén a continuación: unha vez o santo é introducido na capela dáse o sinal para que se inicie unha auténtica guerra de auga. Ten lugar nunha ampla e acoutada “zona húmida” e nela participan ata as mangueriras dos camións de bombeiros. Pistolas de auga, globos, cubos desde os balcóns, mangueriras domésticas... calquera “arma” é boa se contribúe ao baño dunha multitude que concentra ata 30.000 persoas. A diversión está asegurada e continúa logo na praia coa comida.

As festas patronais de Vilagarcía caracterízanse, ademais, pola diversidade de festexos, xa que conta cun afamado Combate Naval con fogos de artificio entre un barco e un castelo, no peirao, e dúas citas gastronómicas moi consolidadas: a Festa da Ameixa de Carril e a Mostra do Albariño Artesanal Albarousa.



Verín (Ourense)

DATA

Febreiro / Marzo. Entroido

DESTACADO

Saúdas dos batallóns de "cigarróns" ás saídas das misas, o Domingo Corredoiro

Nesta localidade do oriente ourensán, os "cigarróns" son os protagonistas do Entroido. Fan a súa aparición na vila o Domingo Corredoiro, o anterior ao Domingo de Entroido, tras as misas da mañá, saudando aos fregueses e enchendo o ambiente de maxia e excitación coas súas danzas e o son enxordecedor das súas chocas.

Moitos son os rituais que se suceden nestas lúdicas festas desde semanas antes dos días grandes, como son os protagonizados polos mozos e mozas, enredados en guerras de sexos, nos Xoves de Comadres e de Compadres.

O Luns de Entroido ten lugar en Verín a batalla de fariña, un síntoma de ruptura das barreiras da vida cotiá, e antigamente un xeito que tiñan os mozos de achegarse ás mozas e chamar a súa atención; e o Martes, o gran desfile de carrozas, comparsas, máscaras e "cigarróns" polo centro da vila.

"Cigarróns", charangas e verbenas animan as rúas e prazas de Verín, que descansa dos excesos do Entroido o Mércores de Cinza, festivo local.



6

Festa do Polbo

O Carballiño (Ourense)

DATA

Agosto. Segundo domingo

DESTACADO

Degustación do polbo nos postos ambulantes do Parque Municipal

Un produto rei da cociña atlántica, procedente do mar, ten o seu feudo no Carballiño, a 80 quilómetros da costa. A orixe desta contradición está en que era o pagamento en especie que se facía na Idade Media ás ordes monásticas de Oseira pola explotación das súas posesións

portuarias nas Rías Baixas. As xentes do Carballiño, en concreto as das parroquias de San Xoán de Arcos e de Santa María de Arcos, propiedades tamén do mosteiro de Oseira, eran as encargadas do seu transporte, preparación e venda no mercado.

A tradición daquelas feiras e mercados festéxase desde 1962 cunha das máis importantes festas gastronómicas de Galicia. Arredor de 70.000 persoas achéganse ata a vila, toda ela impregnada do olor do polbo que se coce nos fogóns de todos os establecementos hostaleiros e no Parque Municipal. Nesta paraxe á beira do río Arenteiro, acondicionada con mesas e bancos, ten lugar a festa, invadida do ambiente de romaría tradicional, con numerosas actuacións folclóricas e o protagonismo das *peñas*.



As pulpeiras de Arcos encarnan a secular tradición da preparación do polbo, e cociñan arredor de 40.000 quilos deste cefalópodo, aínda que na festa tamén se degusta caldo, carne ao caldeiro, empanada, viño do Ribeiro, pan de Cea, e a tradicional queimada e tampouco faltan as famosas cañas de crema do Carballiño.



7 Festa de Exaltación do Marisco

O Grove (Pontevedra)

DATA

Outubro. Segundo domingo ponte do Pilar

DESTACADO

Degustación de todo tipo de preparados de marisco nos expositores do recinto feiral



En torno á oferta gastronómica de luxo que se pode degustar en toda a localidade e nos expositores aliñados no peirao, O Grove programa unha festa con moitos alicientes, con concertos de recoñecidos intérpretes do panorama estatal e de grupos folk e o xa tradicional Certame de Habaneras, actuacións folclóricas, animación na rúa ou regata de dornas.

A sona da Festa do Marisco chegou fóra de Galicia, e cada ano rexistra maior afluencia de visitantes, atraídos pola calidade e a variedade do produto gastronómico estrela das Rías Baixas. Nos expositores do recinto feiral, é posible coñecer e degustar todos eles, preparados seguindo as máis tradicionais receitas ou de xeitos innovadores. A ritmo frenético, desde a mañá ata a noite, despáchanse milleiros de racións: arroces de marisco, navallas á prancha, ameixas á mariñeira, cigalas, ostras, vieiras ao forno...E, como compañía, a música de gaitas e os bailes folclóricos, que non cesan durante toda a festa.

O acto protocolario da festa é a Gala de entrega das Centolas de Ouro, catro distincións que outorga o Concello do Grove a persoas e institucións que destaquen pola súa actividade vinculada ao Grove.



DATA

Abril. Fin de semana do último domingo

DESTACADO

Degustación da lamprea acompañada de viño do Condado

A lamprea é o peixe máis primitivo, con 400 millóns de anos. A súa aparencia, un corpo cilíndrico sen escamas e unha cor gris e amarela, é distinta á do resto dos peixes. O aspecto do prato coa lamprea cociñada no seu sangue (o xeito máis popular) pode resultar, para os máis delicados, pouco atractivo á vista. Con todo, constitúe un delicioso produto gastronómico do que xa os emperadores romanos daban boa conta.



A lamprea reproducése no río, crece no mar e volve ao río. Desde antigo, os pescadores do Miño, na comarca da Paradanta e máis en concreto en Arbo, captúranas grazas a unhas construcións de pedra no medio do río chamadas pesqueiras, todo un símbolo da cultura do río desta zona.

Aproveitando a tempada da lamprea (de xaneiro a abril), esta festa gastronómica celébrase en Arbo

desde 1960. Viños do Condado, música de gaitas e da banda municipal acompañan a degustación baixo as carpas instaladas pola organización. E, por suposto, bares e restaurantes da localidade ofrecen ese día lamprea en abundancia.



Lugo (Lugo)

DATA

Segunda quincena de xuño

DESTACADO

A intensa actividade no Macellum

cos e culturais coa maior rigorosidade histórica posible. O seu recinto amurallado transfórmase cada ano durante tres días en Lucus Augusti, destacada urbe da Gallaecia romana que ofrece a quen a visita un variado programa de actividades.

A Muralla cobra durante a festa un especial protagonismo, así como as xentes que habitan a cidade e que participan activamente do espírito festivo ao tomar as rúas, xa sexa con roupas romanas ou castrexas. Ademais da recreación histórica, Lucus Augusti ofrece aos participantes unha boa oferta da gastronomía luguesa.

Concello, cidadanía, asociacións de recreación histórica e diversos organismos privados fixeron posible que o Arde Lucus medrase con forza dende a súa primeira edición ata recibir na actualidade a medio millón de visitantes.

Punto de reunión por antonomasia, o mercado (*Macellum*) é un fervedoiro constante de actividade. A Praza Maior é o escenario idóneo para trasladarse no tempo ata o século I. Ata a *Cohors I Lucensium* instala o seu campamento nesta praza, salvaguardando a seguridade da cidadanía do imperio.

Outra localización que o visitante do Arde Lucus debe contemplar é o campamento onde lexionarios e gladiadores, xentes de Lucus Augusti e doutras zonas do imperio, conviven e comparten espazo con diferentes tribos castrexas. O *circus*, o asentamento Galaico, e o *Romanus Theatrum*, na Praza de Santa María, auténtico centro cultural da festa, son outros espazos que paga a pena visitar.

O Arde Lucus viu a luz no ano 2002 co obxectivo primordial de rememorar a fundación da cidade de Lugo a través da recreación do seu pasado romano. Ligado ao solsticio de verán, neste acontecemento conxúganse os aspectos lúdicos



10 Feira do Bonito de Burela

Burela (Lugo)

DATA

Primeiro sábado de agosto

DESTACADO

Degustar o mellor bonito do mundo en catro formatos diferentes e empaparse dunha tradición que fixo crecer unha vila

O bonito do norte é un dos principais impulsores económicos de Burela, unha vila mariñeira da Mariña Lucense, ao mesmo tempo que un dos seus sinais de identidade. Burela posúe o porto bonitoiro máis importante de Galicia; e o bonito é a segunda especie máis significativa en canto a volume de negocio da lonxa do municipio. Dato que, tendo en conta que a costeira do bonito só dura uns poucos meses, é moi relevante. Este produto proporciona a Burela unha proxección de cara ao exterior clave, o que repercute, claro, tamén en moitos outros sectores, como o turismo.

Por todo isto, Burela dedica a súa principal festa a este produto desde hai 35 anos: a Feira do Bonito. A variedade de actividades que o integran teñen como principais obxectivos a reivindicación da historia mariñeira da vila e tamén da súa cultura e a súa gastronomía.

Organizada desde os seus inicios pola Sociedade Cultural e Recreativa Leticia, coa colaboración do Concello de Burela, celébrase anualmente durante a primeira fin de semana de agosto.

En cada edición, hai entretemento e actuacións musicais con mostras dos artistas galegos mais relevantes

Paralelo á Feira transcorre Amarte, Certame Internacional de Pintura Mural. Durante catro días, dez pintores plasman no muro portuario os seus lenzos xigantes baixo a mesma temática: o Mar.



11 Festa da Reconquista de Vigo

Vigo (Pontevedra)

DATA

Arredor do 28 de marzo

DESTACADO

A fuxida das tropas francesas en barco



iniciativa da Asociación de Veciños do Casco Vello, que deu novo pulo á celebración, tras a súa iniciativa de facer unha representación da batalla.

O Casco Vello da cidade trasládase no tempo para recrear a expulsión dos invasores, e veciños e visitantes acoden vestidos de época para empaparse do espírito histórico do século XIX.

Esta celebración, que se fixo un oco no calendario galego de ineludibles, inclúe un mercado artesanal, demostracións de artesanía e oficios populares, postos de comida, un campamento francés e tamén zonas de ocio infantil e música ao vivo da man de grupos de música tradicional. Tamén hai actuacións teatrais, esgrima antiga, xigantes e cabezudos e outras actuacións.

Sen dúbida, a representación teatral da Reconquista é o eixo central do evento. Conta cada ano coa participación de cerca de medio millar de persoas, que representan a 50 militares franceses, entre 60 e 70 das milicias populares e uns 400 paisanos. Tras o enfrontamento, as tropas napoleónicas foxen da cidade en barco.


No 28 de marzo de 1809, un levantamento popular permitiu recuperar Vigo da ocupación das tropas napoleónicas. Máis de 1.400 soldados imperiais foron feitos prisioneiros. E, desde a vila olívica, organizouse despois unha ofensiva en toda Galicia que levou á retirada definitiva do exército de Napoleón.

Este feito histórico, que os vigueses conmemoran como “A Reconquista”, tivo gran transcendencia e por iso Vigo obtivo título de “cidade”, concedido pola Rexencia.

Vigo comezou a celebrar a Reconquista desde o ano seguinte á súa vitoria sobre os invasores napoleónicos. A festa, tal e como se vive na actualidade, xurdiu por



Festas galegas de Interese Turístico



Nº	PR	LOCALIZACIÓN	NOME
1	CO	Caión	Romaría de Nosa Señora dos Milagres de Caión
2	CO	Paioasaco	Festa das Cereixas de Paioasaco
3	CO	A Pobra do Caramiñal	Festa de Xesús O Nazareno-Festa das Mortallas
4	CO	Ares	Alfombras Florais de Corpus Christi
5	CO	Arzúa	Festa do Queixo
6	CO	As Pontes de García Rodríguez	Romaría da Fraga
7	CO	Betanzos	Festas Patronais de San Roque en Betanzos
8	CO	Betanzos	Feira Franca Medieval de Betanzos
9	CO	Betanzos	Semana Santa de Betanzos
10	CO	Bealo	Romaría de San Ramón de Bealo
11	CO	Lestedo	Festa da Filloa de Lestedo
12	CO	Cesullas	Festa de San Fins do Castro
13	CO	Camariñas	Mostra do Encaixe de Palillos
14	CO	Ferrol	Festa das Pepitas
15	CO	Fisterra	Festas do Santísimo Cristo
16	CO	Laxe	O Naufraxio de Laxe
17	CO	Buño	Mostra da Olaría de Buño
18	CO	Malpica	Romaría de Santo Hadrián
19	CO	Melide	Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide
20	CO	Mugardos	Festa do Polbo
21	CO	Esteiro	Gran Premio de Carrilanas de Esteiro
22	CO	Narón	Oenach Atlántico
23	CO	Neda	Festa do Pan de Neda
24	CO	O Pino	Festa do galo piñeiro e mostra cabalar
25	CO	Oroso	Festa da Troita
26	CO	Herbón	Festa do Pemento de Herbón
27	CO	Ponteceso	Festa do Percebe do Roncudo
28	CO	Rianxo	Festividade da Virxe de Guadalupe
29	CO	Ribeira	Festa da Dorna
30	CO	Sada	Festas Patronais de San Roque en Sada
31	CO	Santiago de Compostela	Semana Santa de Santiago
32	CO	Pantín	Pantín Classic Pro
33	CO	Vimianzo	Faguía do Carnés

CONCELLO	MES	DÍA
A Laracha	Setembro	8
A Laracha	Xullo	Primeiro domingo
A Pobra do Caramiñal	Setembro	Terceiro domingo
Ares	Maio-Xuño	Primeiro domingo despois de Corpus
Arzúa	Marzo	Primeiro domingo
As Pontes de García Rodríguez	Xullo	24-25
Betanzos	Agosto	14-25
Betanzos	Xullo	Segundo domingo
Betanzos	Marzo-Abril	Semana Santa
Boiro	Agosto	31
Boqueixón	Febreiro-Marzo	Domingo seguinte ao martes de Entroido
Cabana de Bergantiños	Agosto	1
Camariñas	Abril	Semana Santa (mércores a domingo)
Ferrol	Marzo	18
Fisterra	Abril	Semana Santa
Laxe	Agosto	17
Malpica de Bergantiños	Agosto	12 a 20
Malpica de Bergantiños	Xuño	16 de xuño ou domingo seguinte se o primeiro non cadra en domingo
Melide	Maio	Segundo domingo
Mugardos	Xullo	Segundo sábado
Muros	Xullo	Terceira fin de semana
Narón	Xullo	Última fin de semana
Neda	Setembro	Primeiro domingo
O Pino	Agosto	Primeira semana
Oroso	Maio	Durante o mes de maio
Padrón	Agosto	Primeiro sábado
Ponteceso	Xullo	Primeira quincena
Rianxo	Setembro	8
Ribeira	Xullo	24
Sada	Agosto	15-19
Santiago de Compostela	Marzo-Abril	Semana Santa
Valdoviño	Setembro	Primeiros de mes
Vimianzo	Xullo	9

Nº	PR	LOCALIZACIÓN	NOME
34	CO- PO-	Santiago de Compostela, Teo, Touro, Padrón, Boqueixón, A Estrada, Silleda, Vila de Cruces e Vedra	Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais
35	LU	A Fonsagrada	Feira do Butelo da Fonsagrada
36	LU	A Pontenova	Festa da Troita da Pontenova
37	LU	San Miguel de Reinante	Festival Internacional do Emigrante
38	LU	Begonte	Belén Electrónico de Begonte
39	LU	Cervo	Queimada Popular de Cervo
40	LU	San Cibrao	Festa da Maruxaina de San Cibrao
41	LU	Cervo	Festa do Ourizo de Cervo
42	LU	Chantada	Folión de Carros
43	LU	Muimenta	Festa da Filloa de Muimenta
44	LU	Folgoso do Courel	Filandón de Músicas do Courel
45	LU	Folgoso do Courel	Festa da Castaña
46	LU	Foz	Festas Patronais de San Lourenzo
47	LU	Pardiñas	Festival de Pardiñas
48	LU	Lourenzá	Festa da Faba de Lourenzá
49	LU	Lugo	Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento
50	LU	Lugo	Semana Santa de Lugo
51	LU	Meira	Festa da Malla
52	LU	Mondoñedo	As San Lucas
53	LU	Mondoñedo	Semana Santa de Mondoñedo
54	LU	Mondoñedo	Mercado Medieval de Mondoñedo
55	LU	Monterroso	Feira dos Santos
56	LU	A Gañidoira	Feira do Poldro e Gando do Monte
57	LU	Pedrafita do Cebreiro	Feira do Queixo do Cebreiro
58	LU	Quiroga	Mostra do Aceite de Quiroga
59	LU	Ribadeo	Día da Gaita e Romaría a Santa Cruz
60	LU	Ribadeo	Festa da Romaxe das Cruces
61	LU	Sober	Feira do Viño de Amandi de Sober
62	LU	Castelo	Festa das Fachas de Castelo
63	LU	Santo André de Boimente	A Rapa das Bestas de Candaoso
64	LU	San Pedro	O Naseiro
65	LU	Celeiro	Festa da Pescada do Pincho de Celeiro

CONCELLO	MES	DÍA
Santiago de Compostela, Teo, Touro, Padrón, Boqueixón, A Estrada, Silleda, Vila de Cruces e Vedra	Febreiro-Marzo	Entroido
A Fonsagrada	Febreiro-Marzo	Fin de semana anterior á fin de Semana do Entroido
A Pontenova	Maio	1
Barreiros	Agosto	Primeiro sábado
Begonte	Decembro-Xaneiro	Durante o Nadal
Cervo	Agosto	Sábado seguinte ao 16
Cervo	Agosto	Segundo sábado
Cervo	Marzo	No mes de marzo
Chantada	Agosto	Sábado anterior ao domingo seguinte ao 20
Cospeito	Maio	1
Folgo do Courel	Agosto	Segundo domingo
Folgo do Courel	Novembro	Primeira fin de semana
Foz	Agosto	10
Guitiriz	Agosto	Primeira fin de semana
Lourenzá	Outubro	Primeiro domingo
Lugo	Maio-Xuño	Domingo seguinte ao domingo de Corpus Christi
Lugo	Marzo-Abril	Semana Santa
Meira	Agosto	Segunda quincena; Primeiro domingo sen feira despois do 17
Mondoñedo	Outubro	Ao redor do 18 (fin de semana)
Mondoñedo	Marzo-Abril	Semana Santa
Mondoñedo	Agosto	Segunda fin de semana de agosto
Monterroso	Novembro	1
Muras	Setembro	Cuarta fin de semana de setembro
Pedrafita do Cebreiro	Marzo-Abril	Semana Santa
Quiroga	Febreiro-Marzo	Último domingo de febreiro ou primeiro de marzo
Ribadeo	Agosto	Primeiro domingo
Ribadeo	Maio-Xuño	Luns de Pentecoste
Sober	Abril	Sábado e domingo de Ramos
Taboada	Setembro	7 a 9
Viveiro	Xullo	Primeira fin de semana
Viveiro	Agosto	Cuarto domingo
Viveiro	Xullo	Fin de semana anterior ao 25

Nº	PR	LOCALIZACIÓN	NOME
66	OU	A Arnoia	Festa do Pemento da Arnoia
67	OU	Allariz	Festa do Boi
68	OU	Bande	Festa do Peixe
69	OU	Vilanova dos Infantes	Romaría etnográfica Raigame de Vilanova
70	OU	Laza	Entroido de Laza
71	OU	Maceda	Entroido de Maceda
72	OU	Manzaneda	Folión tradicional do Entroido de Manzaneda
73	OU	Monterrei	Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei
74	OU	O Barco de Valdeorras	Festa do Botelo
75	OU	Oímbra	Feira do Pemento de Oímbra
76	OU	Ourense	Festa dos Maios
77	OU	Ourense	Festa do Magosto
78	OU	A Saíenza	Romaría da Saíenza
79	OU	Ribadavia	Feira-exposición de exaltación do viño da zona do Ribeiro
80	OU	Riós	Festa da Castaña e do Cogomelo
81	OU	San Cristovo de Cea	Festa de Exaltación do Pan de Cea
82	OU	Viana do Bolo	Festa da Androlla e o Entroido
83	OU	Vilariño de Conso	Entroido de Vilariño de Conso
84	PO	A Franqueira	Romarías da Virxe da Franqueira
85	PO	A Franqueira	Romarías da Virxe da Franqueira
86	PO	A Cañiza	Feira do Xamón da Cañiza
87	PO	A Estrada	Festa do Salmón
88	PO	A Guarda	Festa do Monte
89	PO	A Guarda	Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira
90	PO	As Neves	Feira do Requeixo e do Mel
91	PO	Bueu	Encontro degustación do millo corvo
92	PO	Bueu	Festa das Alfombras Florais
93	PO	Cambados	Festa da Vieira
94	PO	Aldán	Danzas Ancestrais-San Sebastián de Aldán
95	PO	O Hío	Danzas Ancestrais- San Roque do Hío
96	PO	Cangas	Semana Santa de Cangas
97	PO	Darbo	Danzas Ancestrais-Danza e Contradanza de Darbo
98	PO	Cuntis	Festa do Lacón con Grelos

CONCELLO	MES	DÍA
A Arnoia	Agosto	Primeira fin de semana
Allariz	Maio-Xuño	Arredor do Corpus
Bande	Xuño	Primeira fin de semana
Celanova	Maio	17
Laza	Febreiro-Marzo	Entroido
Maceda	Febreiro-Marzo	Entroido
Manzaneda	Febreiro-Marzo	Entroido
Monterrei	Xuño	Segunda semana
O Barco de Valdeorras	Xaneiro	Mes de xaneiro
Oímbra	Agosto	Primeiro domingo
Ourense	Maio	1
Ourense	Novembro	11
Rairiz de Veiga	Setembro	24
Ribadavia	Xullo	Primeira fin de semana
Riós	Novembro	Primeira fin de semana
San Cristovo de Cea	Xullo	Primeiro domingo
Viana do Bolo	Febreiro-Marzo	Entroido
Vilariño de Conso	Febreiro-Marzo	Entroido
A Cañiza	Maio-Xuño	Luns de Pentecoste
A Cañiza	Setembro	8
A Cañiza	Agosto	15
A Estrada	Maio	Terceiro domingo
A Guarda	Agosto	Segunda semana
A Guarda	Xullo	Primeira fin de Semana
As Neves	Marzo-Abril	Semana Santa
Bueu	Marzo	Última fin de semana
Bueu	Maio-Xuño	Durante o Corpus
Cambados	Xullo	18-21
Cangas	Xaneiro	20
Cangas	Agosto	16
Cangas	Marzo-Abril	Semana Santa
Cangas	Setembro	8
Cuntis	Febreiro-Marzo	Domingo seguinte ao Domingo de Entroido

Nº	PR	LOCALIZACIÓN	NOME
99	PO	Forcarei	Festa do Gaiteiro de Soutelo de Montes
100	PO	Marín	Festa de San Miguel e danza das Espadas
101	PO	Paradela	Semana Santa de Santa María de Paradela
102	PO	Moaña	Festa do San Martiño
103	PO	Moraña	Festa do Carneiro ao Espeto
104	PO	Mos	Festa da Rosa
105	PO	O Rosal	Feira do Viño do Rosal
106	PO	Ponte Caldelas	Festa da Troita de Ponte Caldelas
107	PO	Mourente	Festa do Caldo Galego de Mourente
108	PO	Lérez	Festas de San Benitiño de Lérez
109	PO	Pontevedra	Feira Franca
110	PO	Redondela	Festa do Corpus Christi, cos eventos celebrativos da Coca, as Penlas e a Danza de Espadas
111	PO	Redondela	Festa do Choco
112	PO	Salvaterra de Miño	Festa do Viño do Condado do Tea
113	PO	Bandeira	Festa da Empanada de Bandeira
114	PO	Laro	Romaría da Tortilla de Laro
115	PO	Arcade	Festa da Ostra de Arcade
116	PO	Tui	Descenso Internacional do Miño
117	PO	Tui	Festas patronais de San Telmo
118	PO	Valga	Belén Artesanal en Movemento
119	PO	Valga	Festa da Anguía e Mostra da Caña do País
120	PO	Bouzas	Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas
121	PO	Bembrive	Festa do San Brais de Bembrive
122	PO	Vila de Cruces	Festa Gastronómica do Galo de Curral de
123	PO	Cobres	Entroido de Cobres
124	PO	Carril	Festa da Ameixa do Carril
125	PO	Vilanova de Arousa	Festa do Mexillón e do Berberecho

CONCELLO	MES	DÍA
Forcarei	Agosto	Primeiro sábado despois do 16 de agosto
Marín	Setembro	29
Meis	Marzo-Abril	Semana Santa
Moaña	Novembro	11
Moraña	Xullo	Último domingo
Mos	Xuño	13
O Rosal	Agosto	Última fin de semana
Ponte Caldelas	Maio	Última fin de semana
Pontevedra	Marzo	Segundo domingo de marzo
Pontevedra	Xullo	11
Pontevedra	Setembro	Primeira fin de semana
Redondela	Maio-Xuño	Día de Corpus
Redondela	Maio	Segunda fin de semana
Salvaterra de Miño	Agosto	Última fin de semana
Silleda	Agosto	Terceiro sábado
Silleda	Agosto	Primeiro venres
Soutomaíor	Abril	Primeira fin de semana
Tui	Agosto	Variable
Tui	Marzo-Abril	Fin de semana seguinte ao Primeiro domingo de Pascua
Valga	Decembro-Xaneiro	Desde 1º domingo de decembro ata 2º domingo de xaneiro
Valga	Agosto	Última semana
Vigo	Xullo	Terceiro domingo
Vigo	Febreiro	3
Vila de Cruces	Maio	Última fin de semana
Vilaboa	Febreiro-Marzo	Entroido
Vilagarcía de Arousa	Agosto	Segunda quincena
Vilanova de Arousa	Agosto	Segunda semana

galicia

 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA